



CONVOCATORIA MOBILIDADE EN GRUPO ERASMUS+ CURSO 2024/25

Alumnado de 4º da ESO e 1º Bacharelato 2024-1-ES01-KA121-SCH-000213720

OBXECTO:

O Equipo de Programas Internacionais convoca ao alumnado de 4º ESO e 1º Bacharelato do IES JOHAN CARBALLEIRA a participar nas mobilidades Erasmus+ que se realizarán durante o curso 24/25.

A mobilidade escolar achega un valor evidente ao axudar aos mozos e mozas a abrir as súas mentes, ampliar as súas competencias sociais, profesionais e transversais, desenvolver o gusto pola innovación e a iniciativa e o sentido da cidadanía europea. Por este motivo, no actual curso estamos a desenvolver un proxecto para o que se propón a seguinte mobilidade:

2024-1-ES01-KA121-SCH-000213720

15 prazas para alumnos e alumnas de 4º ESO e 1º Bacharelato

Proxecto: Benessere adolescenti

Pontassieve, Florencia (Italia) 22/23 de febreiro ao 01/02 de marzo de 2025

PRAZO:

O prazo de presentación das solicitudes é **dende o mércores 18 de setembro**, data da publicación desta convocatoria, **ata o mércores 25 de setembro**, ambos inclusive.

SOLICITUDES:

Para poder participar na presente convocatoria de mobilidade Erasmus+ do presente curso 2024/25:

1. Será necesario cumprimentar o [formulario](#) elaborado para tal fin (ao que se pode acceder facendo clic sobre a palabra ou mediante o QR anexo ao final da convocatoria, na última páxina).
2. Superar o proceso selectivo.

REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA:

- A persoa interesada deberá estar matriculada nun curso de 4º da ESO ou 1º Bacharelato do IES JOHAN CARBALLEIRA.
- O/a estudante deberá presentar a solicitude de participación no programa ERASMUS+ nos prazos establecidos que estarán publicados no taboleiro de anuncios, na páxina web do centro e no Instagram do Equipo de Programas Internacionais.
- O/a estudante deberá ter un grao de madurez axeitado, responsabilidade, flexibilidade e adaptabilidade para afrontar con éxito esta experiencia.
- Participar de maneira activa nas reunións que se convoquen para a realización das actividades relacionadas coas mobilidades.
- Colaborar na difusión da mobilidade no propio centro educativo mediante a realización de enquisas ou presentacións audiovisuais.

CRITERIOS DE EXCLUSIÓN:

Quedarán excluídos do proceso de selección:

- As persoas que non cumpran os requisitos da convocatoria.
- O alumnado que teña sido obxecto de expulsión temporal do centro ou acumulara 2 ou máis faltas de orde dende setembro de 2024 ata o momento da realización da mobilidade.
- As persoas que non presenten o formulario de solicitude no prazo e forma indicados sen causa



legalmente xustificada.

FASES E CRITERIOS DE PUNTUACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN:

A selección de candidatos/as estará baseada nos seguintes criterios e ponderacións:

| CRITERIOS DE SELECCIÓN | BAREMO | COMO SE VALORA |
|--|----------|---|
| Expediente académico do/a candidato/a | 2 ptos | Valorarase obtendo a nota media final do curso anterior. 9.5-10: 2 ptos 9-9.49: 1,75 ptos 8-8,99: 1,5 ptos 7-7,99: 1pto 6-6,99: 0,5 pto |
| Competencia lingüística en idiomas | 2 ptos | Valorarase obtendo a nota final na materia da 1ª lingua estranxeira no curso anterior. 9-10: 1,5 ptos 7-8: 1 5-6: 0,5 A maiores, unha acreditación oficial* en calquera idioma sumará: Nivel Competencia B2 ou superior: 0,75 puntos Nivel de Competencia B1: 0,5 puntos Nivel de Competencia A2: 0,25 puntos |
| Adecuación do perfil do candidato ao programa de mobilidade. | 1,5 ptos | Cuestionario realizado polo profesorado e valorado polo Comité de Avaliación de mobilidades (competencias sociais e comunicativas, autonomía persoal, traballo en equipo, flexibilidade,...) |
| Compromiso coas tarefas desenvolvidas en diferentes programas do centro. | 1,5 ptos | Valorarase a participación en diferentes programas educativos do centro (Biblioteca, Club de lectura, Club de Ciencia, Art for Change, Igualdade,etc). |
| Ser beneficiario de beca ANEAE ou ter condicións persoais que convirta ao candidato/a en participante con menos oportunidades. | 1 pto | Necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou condicións persoais ou de historia escolar. |
| Asistencia diaria a clase e puntualidade. | 1 pto | Valoración do Comité de Avaliación dacordo co establecido en XADE e o corroborado polo/a titor/a do/a alumno/a. |
| Ausencia de faltas de orde | 1 pto | Valoración do titor/a do alumno/a ou xefatura de estudos dacordo cos datos reflectidos no XADE. |

* A documentación oficial que acredite o nivel de idioma, enviarase ao enderezo electrónico: erasmus.escolar@iesjohancarballeira.com entre o 18 e o 25 de setembro, ambos incluídos.



En caso de que as prazas ofertadas sexan menos que as solicitadas, terá preferencia o alumnado participe durante este curso doutra mobilidades de longa ou curta duración.

COMITÉ DE AVALIACIÓN:

A Comité que valorará aos solicitantes de bolsa ERASMUS+ para a MOBILIDADE ERASMUS+ estará constituído por:

- Un membro do equipo directivo.
- Tres membros do equipo de programas internacionais.

PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE PERSOAS SELECCIONADAS:

Vistos os resultados do proceso selectivo, o Comité de Avaliación confeccionará unha listaxe na que os candidatos/as aparecerán ordenados/as de maior a menor puntuación, indicando o alumnado seleccionado e o que formará parte da lista de reserva.

A listaxe provisional farase pública no taboleiro de anuncios do centro e na web o **luns 07 de outubro de 2024**.

Poderanse remitir alegacións a esta listaxe ata as 14.00h do mércores 09 de outubro do 2024. Unha vez rematado o período de alegacións, o **venres 11 de outubro de 2024**, farase pública a **listaxe definitiva** nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

REXEITAMENTO DA BOLSA:

En caso de que un/ha alumno/a, despois de ter sido seleccionado/a decida renunciar á súa participación no programa sen causa xustificada, deberá asumir o reembolso do importe correspondente aos gastos xa efectuados no seu nome polo Equipo de Programas Internacionais. O obxectivo de tal medida é facer posible que outro/a alumno/a poida beneficiarse da bolsa e aproveitar a oportunidade ofrecida.



Enlace ao [formulario](#)